



Confederación Intersindical Galega  
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

## Concurso Axentes Facenda Pública 2011 A 04

Hoxe constitúese a Comisión de Valoración do Concurso de Axentes. Lembra que, desde hoxe, hai un prazo de **3 días** para presentar as renuncias, é dicir, o prazo remata este venres, día 3 de febreiro, ás 24:00 horas. Tede en conta tamén que, como novidade, xa é posible renunciar parcialmente a través da Intranet (antes só era posible renunciar a todas as prazas solicitadas, non podendo seleccionar prazas concretas).

A Administración informounos que se presentaron 432 instancias (382 procedentes de persoal da AEAT e 50 doutras Administracións), das que se admitiron 421 instancias.

En canto ás adxudicacións, informáronnos que se estudará a baixada de mínimos nalgunhas prazas, que serán, obviamente, aquelas nas que exista interese de cobertura por parte da AEAT. A idea da Administración é a de resolver este concurso a mediados de febreiro.

Tamén, na reunión de hoxe, e con oposición de toda a parte social, a AEAT aprobou, unilateralmente, os criterios para a aplicación da puntuación por conciliación familiar para este concurso.

Desde a **CIG** reclamamos, e así constará na acta:

---A negociación das bases dos concursos, así dos criterios para a aplicación das Bases do Plan Concilia

--- Que haxa dous tipos de concursos: Un de mobilidade e outro para carreira administrativa. Un dato moi significativo no que a AEAT debería tomar nota, é que, en moitos casos, os adxudicatarios dos concursos xa están destinados na mesma localidade na levan praza, producíndose só un cambio de área.

--- Que se respete a carreira administrativa dos adxudicatarios, para que non haxa baixada de retribucións por conseguir praza nun concurso.

--- Insistimos, de novo, que haxa concursos para Vixilancia Aduaneira, Administrativos e Auxiliares.

NOTA: A AEAT fíxonos saber, tamén, que a día de hoxe, aínda non se remitiu ao BOE a adxudicación do concurso do CTH.

**CIG-AEAT:**

**DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA**

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com

mariacarmen.ares@correo.aeat.es

**WWW.CIGAEAT.COM**